



Organizan:

Bruno Esperante Paramos

Grupo de investigación HISTAGRA, CISPAC.
Profesor Axudante doutor en Historia Económica,
Departamento de Economía Aplicada,
Universidade de Santiago de Compostela.

Roque Sanfiz Arias

Grupo de investigación HISTAGRA, CISPAC.
Contratado predoutoral,
Departamento de Historia,
Universidade de Santiago de Compostela.

Lourenzo Fernández Prieto

Grupo de investigación HISTAGRA, CISPAC.
Catedrático de Historia Contemporánea,
Departamento de Historia,
Universidade de Santiago de Compostela.

Contacto: b.esperante@usc.es histagra@usc.gal

ORGANIZA



APOIA



A actividade é parte do proxecto de investigación As dúas vías de cambio e desenvolvemento agrario do século XX. Pluralismo de saberes no marco orgánico e tecnocracia da revolución verde. A Agricultura atlántica, 1880-2000 (ECOPASADOFUTURO), financiado polo Ministerio de Cultura e Innovación e a Axencia Estatal de Innovación (MCIN-AEI/10.13039/501100011033) e polo Fondo Social Europeo+. IP: Lourenzo Fernández Prieto. Referencia: PID2020-112686GB-I00.



SIMPOSIO
INTER —
NACIONAL

APROXIMACIÓNS HISTÓRICAS
E TEÓRICAS Á INNOVACIÓN
E AO CAMBIO TECNOLÓXICO
PARA A AGROECOLOXÍA

HISTORIA E INNOVACIÓN PARA A AGROECOLOXÍA ↗



VENRES 27 DE SETEMBRO DE 2024
CISPAC / EDIFICIO FONTÁN
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



O obxectivo deste simposio internacional é presentar, analizar e debater novos enfoques históricos e teóricos sobre a innovación e o cambio tecnolóxico para a necesaria transición ambiental á que nos enfrontamos, e a agroecoloxía como instrumento para a súa realización. Somos conscientes do consenso relativo sobre o esgotamento do modelo de industrialización, mais tamén da extensión -e confusión- do debate existente sobre posibles alternativas cos varios programas e modelos de desenvolvemento sustentábel e o Pacto Verde.

Co obxectivo de repensar a innovación e o cambio tecnolóxico na agricultura queremos definir unha teoría baseada na agroecoloxía, entendida como unha disciplina híbrida entre práctica científica, práctica produtiva e acción colectiva. Desta forma, esperamos contribuír para dotar a agroecoloxía dunha teoría do cambio tecnolóxico que a agricultura industrial obsoleta tiña e continúa a ter. As teorías da innovación e do cambio tecnolóxico na agricultura foron construídas co obxectivo de aumentar a intensificación produtiva e co horizonte da industrialización, especialmente na Europa posterior á Segunda Guerra Mundial. Nas décadas de 1980 e 1990, os límites enerxéticos, a polución e as fortes desigualdades sociais do proxecto de industrialización tornáronse evidentes.

Actualmente, a intensificación e a obsesión pola produtividade continúan a orientar a produción agrícola e pecuaria en toda Europa, mentres se discuten novas vías de innovación e mudanza tecnolóxica, con base en criterios como a redución da polución, a economía circular ou a utilización de fontes de enerxía renovábeis. Con todo, estas tentativas adoitan abordarse desde un punto de vista tecno-científico cunha base sociohistórica débil ou inexistente. Nesta ambivalencia, o sector agrícola europeo atravesou unha crise profunda hai máis dunha década, que se manifesta en descontento e crecente insatisfacción entre os agricultores polos baixos prezos de produción, as constantes esixencias de intensificación do mercado, os novos padróns de consumo e o novo cadro verde do regulamento da Política Agraria Común.

Queremos recuperar o coñecemento e o saber facer, as suposicións teóricas, as experiencias científicas, os ecosistemas de diálogo entre científicos e agricultores, os modelos de innovación e as prácticas agroecolóxicas e resilientes concretas que preceden á hexemonía da modernización e da industrialización e ao paradigma dominante da Revolución Verde. Dende o punto de vista do rexeitamento do modelo de intensificación, preguntámonos que aspectos sociais sustentaban prácticas innovadoras e tecnolóxicas dentro dun marco teórico agroecolóxico. Como influíu nela a dimensión política da sostiabilidade? Que conflitos ou movementos sociais o apoian? Que prácticas produtivas? Que tecnoloxías? Que prácticas innovadoras? Que sistemas de innovación apoiaron a intensificación agrícola nun cadro puramente ecolóxico antes de 1945?

En resumo, queremos discutir na perspectiva histórica alternativas e niveis de viabilidade social e económica de diferentes formas de entender a innovación e o cambio tecnolóxico para a agroecoloxía. Esperamos contribuír a reflexionar sobre a proposta dunha transición ecolóxica dende o coñecemento histórico transdisciplinar para a agroecoloxía.

Palabras chave: Historia agraria, innovación, cambio tecnolóxico, agroecoloxía

HORARIO

9:00-9:30 / Benvida e presentación

Lourenzo Fernández-Prieto
Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela

9:30-11:00 / Panel 1

La agricultura y ganadería familiar en el centro de la construcción de Sistemas Agroalimentarios Locales de base Agroecológica. ¿Cómo hacer?

Gloria I. Guzmán-Casado, Alimentta, Universidad Pablo de Olavide
Comenta: David Soto-Fernández, Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela

Exploring farm life histories and their role in agro-ecological (re)transitions

Mark Riley, University of Liverpool
Comenta: Stefania Barca, Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela

11:00-11:30 / Café

11:30-13:00 / Panel 2

The use of Google Books as a source of historical traditional ecological/agricultural knowledge

Rob Burton, Ruralis – Institute for Rural and Regional Research
Comenta: Miguel Cabo Villaverde, Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela

Innovating towards an unknown sustainability: new back-casting and scenario planning models used in participatory action research to help advance agroecology transitions

Enric Tello Aragay, Universitat de Barcelona
Comenta: Xulia Guntín Araujo, ECOAGRASOC, Universidade de Santiago de Compostela

13:00-13:30 / Conclusións e peche

Bruno Esperante Paramos
Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela
Roque Sanfiz Arias
Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela

13:30 / Comida

Comité científico

Lourenzo Fernández Prieto, David Soto-Fernández,
Stefania Barca, Xulia Guntín Araujo,
Eduardo Rico Boquete, Ramón Villares Paz,
Bruno Esperante, Xavier Simón, Eduardo Corbelle.

